

Última semana para participar no III Certame de Literatura LGTBI+ do Atlantic Pride

Este venres, 31 de maio, remata o prazo para o envío de propostas para este concurso literario de relato curto sobre diversidade, que o festival organiza en colaboración coa Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña, a través do club de lectura QUEERuña

As obras -en galego, orixinais e inéditas, de temática libre e con vinculación á diversidade LGTBI- optarán a tres premios en metálico (de 600, 300 e 100 €)

O xurado estará composto por integrantes do club de lectura QUEERuña e as obras gañadoras anunciaranse durante a celebración do Atlantic Pride do 7 ao 14 de xullo, momento no que terá lugar, tamén, a entrega dos premios

Este III Certame de Literatura LGTBI+ -cuxas bases de participación poden consultarse en www.atlanticpride.es/certame-literario- pretende visibilizar as diversidades sexuais e de xénero e vivenciar as experiencias minorizadas de todas as persoas LGTBI+



A Coruña, 28 de maio de 2024.- Este venres, 31 de maio, remata o prazo para a recepción de propostas do III Certame de Literatura LGTBI+ do Atlantic Pride, un concurso literario de relato curto sobre diversidade, que o festival organiza en colaboración coa Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña, a través do club de lectura QUEERuña.

As obras presentadas -que deberán ser en galego, orixinais e inéditas, de temática libre e con vinculación á diversidade LGTBI- optarán a tres premios en metálico (de 600, 300 e 100 €). O xurado estará composto por integrantes do club de lectura QUEERuña e os relatos gañadores anunciaranse durante a celebración do Atlantic Pride do 7 ao 14 de xullo, momento no que terá lugar, tamén, a entrega dos premios.

Este III Certame de Literatura LGTBI+, cuxas bases de participación poden consultarse en www.atlanticpride.es/certame-literario, pretende visibilizar as diversidades sexuais e de xénero e vivenciar as experiencias minorizadas de todas as persoas LGTBI+ por terceiro ano consecutivo.

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar todas as persoas maiores de idade, sempre que as obras sexan en galego, orixinais e inéditas, non publicadas en ningún tipo de formato, nin total nin parcialmente (incluído Internet), non premiadas ou pendentes de decisión en outros concursos, ou á espera de resposta de procesos editoriais. O incumprimento desta primeira base descualifica automaticamente o traballo presentado. Só se admitirá unha obra por persoa. Toda persoa que participe neste certame acepta a cesión da obra para a súa publicación e difusión en outros medios físicos ou dixitais relacionados co Atlantic Pride ou o Club de lectura QUEERuña. Publicarase un libro cos relatos premiados e unha selección do xurado.

TEMÁTICA, EXTENSIÓN E FORMATO

A temática é libre, con vinculación á diversidade LGTBI+. O texto presentarase en formato pdf e en documento tamaño DIN A4, cunha extensión máxima de 10 páxinas, con tipografía Times New Roman, tamaño 12, interlineado 1.

XURADO

O xurado estará composto por integrantes do club de lectura QUEERuña. As integrantes do club QUEERuña que compoñen o xurado non poderán participar neste concurso. Unha vez finalizado o prazo de presentación, a organización facilitaralle ao xurado todas as obras presentadas ao concurso, tamén en formato dixital, pero sen ningún dato persoal que permita identificar a súa autoría. O xurado realizará a súa valoración en dúas fases: unha individual e outra grupal, que será nun encontro ordinario do club. No caso de existir disparidade de criterios que non permita dirimir as obras premiadas, optarse por realizar unha votación individual coas puntuacións 10, 7, 5, 3 e 1 puntos e as obras gañadoras serán as que maior puntuación acaden. O xurado levantará acta das valoracións e posteriormente remitiralla á organización do certame. Os criterios de valoración o xurados serán, por unha banda, a calidade literaria e a corrección gramatical, e, por outra, a atención a personaxes e historias infrarrepresentadas dentro do espectro LGTBI+ e a orixinalidade da obra.

PAZOS E PREMIOS

Este venres 31 de maio de 2024 será o día de peche da recepción de obras. Durante a celebración do festival (do 7 ao 14 de xullo) anunciaranse as obras gañadoras e farase a entrega dos premios. Haberá tres galardóns en metálico (1º premio: 600 €; 2º premio: 300 €; 3º premio: 100 €).

SOBRE O FESTIVAL ATLANTIC PRIDE, O ORGULLO DO NORTE

A Coruña volverá ser a sede do 'Orgullo do Norte' entre o 7 e o 14 de xullo para celebrar a quinta edición do Atlantic Pride. Neste 2024, o festival propón oito xornadas de música e celebración ao redor da diversidade sexo-afectiva e de identidade na que promete ser, novamente, nunha das citas imprescindibles do verán no noroeste peninsular. No seu cartel está xa confirmada a presenza de Vengaboy, ademais das estrelas eurovisivas Nebulossa, Rosa López, Las Ketchup e Lucía Pérez, xunto a figuras que pisan forte na nova escena galega, como Mondra, Sila Lúa, O Rabelo e Nenaza, Catuxa Salom, Lontreira e Amoebo. Na festa deste 'Orgullo do Norte' non faltarán, tampouco, as voces de grandes divas como Chanel, Luna Ki e Supremme de Luxe.

O Atlantic Pride nace na Coruña no ano 2019 coa vontade de situar á cidade herculina como a capital do bo ambiente e a celebración sen distincións nin barreiras. Trátase dun festival pioneiro, gratuito e inclusivo, destinado a reivindicar a liberdade afectiva, sexual e de identidade dende unha perspectiva lúdica e inclusiva. Está impulsado pola Asociación Orgullo Coruña -ORCO- e o Concello da Coruña e Turismo da Coruña, e conta co patrocinio principal de Estrella Galicia, Xunta de Galicia e Globalgrafic.

O proxecto, que trata de aglutinar a todas as capas da sociedade coruñesa dentro dunha contorna segura e amigable, desenvólvese en torno a varios días de concertos e actividades culturais, entre elas, o seu Certame de Literatura LGTBI+, coa fin de atraer ao público local e de fóra, como un referente cultural, turístico e social do noroeste. Na súa pasada edición, en 2023, o Atlantic Pride logrou alcanzar máis de 100.000 espectadores, marca que a cita se propón bater este ano.

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira

Tel. 620 113 155

luisa@theofficeco.es

DESCARGA PRESS KIT ATLANTIC PRIDE 2024

Cartel, notas de prensa, fotos, audios, vídeos e outros materiais informativos

<https://www.dropbox.com/scl/fo/r3xyojfbc4wgqe1xxk51q/h?rlkey=ejwtag0cvi5zige0s09vwwitfj&dl=0>

MÁIS INFORMACIÓN:

<https://atlanticpride.es/>